



## **INFORME DO DIRECTOR TECNICO DA AREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE**

### **INFORME RELATIVO AL RECURSO PRESENTADO POLA EMPRESA DRAGADOS S.A. CONTRA O ACORDO DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 23 DE ABRIL DE 2015**

Se redacta o presente informe en referencia ao recurso presentado con data 27 de maio de 2015 con nº de rexistro de entrada no Concello 24.046 presentado pola empresa Dragados S.A. contra o acordo da mesa de contratación de data 23 de abril de 2015 que declara como a oferta economicamente mais vantaxosa das presentadas a do licitador UNIKA PROXECTOS E OBRAS S.A., publicado no perfil do contratante en data 20 de maio de 2015, por no encontrala axustada a dereito e ser lesiva para os seus intereses.

En informe emitido por este técnico con data de 17 de abril de 2015 de valoración do sobre 3 Criterios avaliados en forma de cifras ou porcentaxes do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto multicriterio das obras para a execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do palacete do espiño para equipamento municipal, se tivo en conta para a valoración do punto 4 PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PRAZOS DE EXECUCIÓN o texto do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto das obras para a execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do palacete do espiño para equipamento municipal, publicado no BOP de data 19 de setembro 2014. Dito prego dicía textualmente:

*“A máxima puntuación para este criterio será de 20,00 puntos.*

*Calculase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais.*

*A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos a adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderalle un máximo de 1 punto para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 2 puntos; e así sucesivamente.”*

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 03 de outubro de 2014 mediante acordo adoptado procede á corrección de erros detectados no Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, das obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do palacete do espiño para equipamento municipal, aprobado en data 05/09/2014, publicando dita corrección no BOP de data 16 de outubro de 2014

A corrección concretase no punto 4 do seguinte xeito

#### **4. PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PRAZOS DE EXECUCIÓN**

Onde di: “A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos a adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderalle un máximo de 1 punto; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 2 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 5 puntos.”

Debería dicir: “A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos a adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderalle un máximo de 5 punto; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 10 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 20 puntos.”

De tal maneira que a valoración realizada por este técnico non se axusta a corrección do prego publicada; en canto ao referido ao punto 4. PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PRAZOS DE EXECUCIÓN, polo que a cualificación por mi proposta en dito apartado no informe de data 17 de



CONCELLO DE SANTIAGO VALORACIÓN SOBRE 3 OBRAS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN REFORMADO DE REHABILITACIÓN DO PALACETEDO ESPÍÑO PARA EQUIPAMENTO MUNICIPAL

abril de 2015 debe de ser revisada realizándose conforme aos criterios da corrección de erros publicada no BOP de data 16 de outubro de 2014.

A modificación pois non é sobre a maneira de cálculo da puntuación, nin sobre os criterios é unicamente da puntuación que se otorga a cada un dos tramos de redución de prazo, así para o tramo inferior ou igual ao 5% onde se daban 1 punto pasan a darse 5, para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10% onde se daban 2 punto pasan a darse 10 e así sucesivamente, sendo una corrección automática.

Así aplicando a forma de computo da corrección, as táboas de valoración quedarían:

### VALORACION PROPOSTA DE REDUCIÓN DE PRAZOS DE EXECUCION

	OFERTA REDDUCCION	PORCENTAJE	PUNTOS REDDUCCION
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA S.L.	120	13,33%	15,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES KÚPULA SL	90	5,00%	5,00
CRC OBRAS Y SERVICIOS SL	90	5,00%	5,00
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	72	0,00%	5,00
ATLANTICA	90	5,00%	5,00
DRAGADOS SA	150	21,67%	20,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA	90	5,00%	5,00
UTE C. TARRIO SL/JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L.	120	13,33%	15,00
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.	75	0,83%	5,00
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A.	120	13,33%	15,00
EXTRACO S.A.	180	30,00%	20,00
UNIKAPROYECTOS Y OBRAS S.A.	100	7,78%	10,00
OGMIOS PROYECTO S.L.	120	13,33%	15,00
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.	90	5,00%	5,00
CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.	150	21,67%	20,00
PROYECON GALICIA S.A.	105	9,17%	10,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	75	0,83%	5,00

### VALORACION TOTAL SOBRE C

	PUNTOS ECONOMICA	PUNTOS GARANTIA	PUNTOS CALIDAD	PUNTOS REDDUCCION	TOTAL
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA S.L.	8,40	20,00	7,50	15,00	50,90
CONSTRUCCIONES Y VIALES KÚPULA SL	8,18	25,00	10,00	5,00	48,18
CRC OBRAS Y SERVICIOS SL	7,96	25,00	10,00	5,00	47,96
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	9,37	20,00	10,00	5,00	44,37
ATLANTICA	8,23	20,00	10,00	5,00	43,23
DRAGADOS SA	8,65	25,00	10,00	20,00	63,65
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA	8,79	25,00	5,00	5,00	43,79
UTE C. TARRIO SL/JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L.	8,76	25,00	10,00	15,00	58,76
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.	8,33	25,00	10,00	5,00	48,33
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A.	8,35	25,00	10,00	15,00	58,35
EXTRACO S.A.	9,10	25,00	10,00	20,00	64,10
UNIKAPROYECTOS Y OBRAS S.A.	9,27	25,00	10,00	10,00	54,27
OGMIOS PROYECTO S.L.	7,73	25,00	10,00	15,00	57,73
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.	8,50	25,00	10,00	5,00	48,50
CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.	8,09	25,00	10,00	20,00	63,09
PROYECON GALICIA S.A.	10,00	25,00	10,00	10,00	55,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	9,15	25,00	10,00	5,00	49,15



O cadro resumo da valoración total suma das valoracións dos sobres "B" e "C" é:

	<b>SOBRE C</b>	<b>SOBRE B</b>	<b>TOTAL</b>
<b>CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA S.L.</b>	<b>50,90</b>	<b>10,98</b>	<b>61,88</b>
<b>CONSTRUCCIONES Y VIALES KÚPULA SL</b>	<b>48,18</b>	<b>22,01</b>	<b>70,19</b>
<b>CRC OBRAS Y SERVICIOS SL</b>	<b>47,96</b>	<b>5,25</b>	<b>53,21</b>
<b>OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.</b>	<b>44,37</b>	<b>18,07</b>	<b>62,44</b>
<b>ATLANTICA</b>	<b>43,23</b>	<b>22,09</b>	<b>65,32</b>
<b>DRAGADOS SA</b>	<b>63,65</b>	<b>26,91</b>	<b>90,56</b>
<b>FRANCISCO GÓMEZ Y CIA</b>	<b>43,79</b>	<b>24,06</b>	<b>67,85</b>
<b>UTE C. TARRIO SL/JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L.</b>	<b>58,76</b>	<b>26,03</b>	<b>84,79</b>
<b>CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.</b>	<b>48,33</b>	<b>22,09</b>	<b>70,42</b>
<b>ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A.</b>	<b>58,35</b>	<b>26,69</b>	<b>85,04</b>
<b>EXTRACO S.A.</b>	<b>64,10</b>	<b>19,25</b>	<b>83,35</b>
<b>UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.</b>	<b>54,27</b>	<b>29,75</b>	<b>84,02</b>
<b>OGMIOS PROYECTO S.L.</b>	<b>57,73</b>	<b>24,06</b>	<b>81,79</b>
<b>DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.</b>	<b>48,50</b>	<b>26,03</b>	<b>74,53</b>
<b>CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.</b>	<b>63,09</b>	<b>27,34</b>	<b>90,43</b>
<b>PROYECON GALICIA S.A.</b>	<b>55,00</b>	<b>22,75</b>	<b>77,75</b>
<b>EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.</b>	<b>49,15</b>	<b>14,79</b>	<b>63,94</b>

#### **TOTAL**

<b>DRAGADOS SA</b>	<b>90,56</b>
<b>CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE S.A.</b>	<b>90,43</b>
<b>ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A.</b>	<b>85,04</b>
<b>UTE C. TARRIO SL/JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L.</b>	<b>84,79</b>
<b>UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.</b>	<b>84,02</b>
<b>EXTRACO S.A.</b>	<b>83,35</b>
<b>OGMIOS PROYECTO S.L.</b>	<b>81,79</b>
<b>PROYECON GALICIA S.A.</b>	<b>77,75</b>
<b>DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.</b>	<b>74,53</b>
<b>CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.</b>	<b>70,42</b>
<b>CONSTRUCCIONES Y VIALES KÚPULA SL</b>	<b>70,19</b>
<b>FRANCISCO GÓMEZ Y CIA</b>	<b>67,85</b>
<b>ATLANTICA</b>	<b>65,32</b>
<b>EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.</b>	<b>63,94</b>
<b>OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.</b>	<b>62,44</b>
<b>CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA S.L.</b>	<b>61,88</b>
<b>CRC OBRAS Y SERVICIOS SL</b>	<b>53,21</b>

#### **CONCLUSIÓN**

Segan os criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares e a corrección de erros publicada no BOP de data 16 de outubro de 2014 que risen a contratación para a execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do palacete do espiño para equipamento municipal o técnico que suscribe entende que a oferta con maior puntuación no proceso de valoración da documentación presentada é a oferta presentada pola empresa DRAGADOS SA con una puntuación total de 90,56 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO VALORACIÓN SOBRE 3 OBRAS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN REFORMADO DE REHABILITACIÓN DO PALACETEDO ESPIÑO PARA EQUIPAMENTO MUNICIPAL

e non a empresa UNIKA PROYECTOS E OBRAS como por erro figuraba no informe de data .

A oferta económica realizada pola empresa PROYECON GALICIA S.A. considerase como desproporcionada ou anormal xa que é inferior en mais de dez unidades porcentuais a media excluindo aquelas que superan a media en mais de dez unidades.

Santiago, 01.06.2015

O DIRECTOR TECNICO DE ÁREA DE  
DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE  
Ignacio Soto González